

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

B -. PLAN INTEGRAL DE EMPREGO

O Plan Integral de Empleo, é un programa xestionado pola Concellaría de Empleo, e subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar, para a creación de emprego en colectivos de difícil inserción e complicada empregabilidade.

Neste momento estase a realizar o VII Plan Integral de Empleo do Concello do Porriño. Este ano, solicitaronse ó Servizo Público de Empleo, 600 demandantes de emprego, dos cales, tras un proceso de selección, integran actualmente o PIEP VII 100 persoas.

A nosa experiencia en programas anteriores pon de manifesto a importancia da súa execución, posto que a día de hoxe, o grao de inserción laboral dos participantes do PIEP V alcanza o 46%.



Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

PLAN INTEGRAL DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO (PIEP)

OBXECTIVOS

O obxectivo deste programa é axudar a integración laboral dos colectivos de difícil inserción no mercado laboral. Nesta edición participan 100 persoas desempregadas que disporán dun itinerario persoalizado de inserción e formación.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O traballo do PIEP parte dun estudio pormenorizado da poboación do Porriño e a súa realidade empresarial, realizado dende a Concellaría de Empleo. A partir do mesmo establecece, por unha banda os perfís dos posibles usuarios do PIEP, e por outra, as empresas coas que se quere constituir unha rede estable para o emprego. Unha vez iniciado o traballo directo cos participantes seleccionados, realízase a diagnose de ocupabilidade e posteriormente o deseño de itinerarios persoalizados de inserción. O mesmo tempo dende a área de desenvolvemento empresarial realízase o contacto directo coas empresas, para detectar as súas necesidades de persoal.

DESTINATARIOS

100 persoas con residencia no Concello e previamente inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Empleo, que presenten dificultades de inserción.

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

FORMA DE ACCESO	A través da inscrición no Servizo Público de Empleo.
EQUIPO	Técnicos en Orientación Laboral e Axentes de Desenvolvemento Empresarial.
PREVISIÓN ANUAL	Conseguir un mínimo dun 35% de inserción dos 100 participantes seleccionados.
FINANCIAMENTO	Concello do Porriño, Xunta de Galicia e Fondo Social Europeo.

